

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|------------------------|---------------|
| 15015767 | Politécnico de Santiago | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|---------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SEA | Seguridade e medio ambiente | CSSEA04 | Química e saúde ambiental | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1547 | Educación para a saúde e o ambiente | 2024/2025 | 0 | 107 | 0 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|----------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA DEL CARMEN BALO VILLANUEVA |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade |
| RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos |
| RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana |
| RA4 - Selecciona técnicas de comunicación e adáptaa ás características do grupo ao que se dirixen as actividades de promoción da saúde |
| RA5 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación sanitaria, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos |

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.1 Enumeráronse os servizos da sanidade ambiental |
| CA1.2 Analizouse a evolución histórica dos conceptos de saúde e doenza |
| CA1.3 Analizáronse factores determinantes da saúde cunha especial incidencia en Galicia |
| CA1.4 Clasificáronse os determinantes de saúde e doenza |
| CA1.5 Descríronse os indicadores xerais do nivel de saúde da poboación |
| CA1.6 Descríronse as fases da historia natural da doenza e explicáronse os tipos de prevención en saúde pública |
| CA1.7 Analizouse a Carta de Ottawa e o significado de promoción da saúde |

| Crterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA1.8 Enumeráronse os factores de risco ambientais que inciden sobre a saúde |
| CA1.9 Diferenciáronse risco sinérxico, competitivo, relativo e absoluto |
| CA1.10 Descríronse os principais factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais |
| CA1.11 Identificáronse as características da epidemioloxía ambiental e describiuse o método epidemiolóxico |
| CA1.12 Explicáronse os principais modelos de causalidade epidemiolóxica |
| CA1.13 Consultáronse estudos epidemiolóxicos relacionados cos problemas de saúde de etioloxía ambiental |
| CA1.14 Utilizouse a terminoloxía básica relacionada coa saúde pública, a promoción e a educación para a saúde |
| CA1.15 Enumeráronse os principais sistemas de información utilizados nunha rede de vixilancia epidemiolóxica |
| CA1.16 Analizouse a Rede galega de vixilancia en saúde pública |
| CA2.1 Diferenciouse entre promoción da saúde e prevención da doenza |
| CA2.2 Identificáronse as características dos plans e dos programas de saúde, tendo en conta a incidencia sobre a saúde dos padróns culturais e da alimentación en Galicia |
| CA2.3 Definíronse as prioridades e os obxectivos nun plan ou programa de educación para a saúde |
| CA2.4 Descríronse as fases na planificación e no deseño de actividades de educación sanitaria |
| CA2.5 Identificáronse os factores ambientais e os problemas de saúde para tratar en distintos contextos |
| CA2.7 Seleccionáronse as fontes documentais de apoio segundo o tipo e as características do estudo que cumpra realizar |
| CA2.8 Caracterizouse o grupo diana e identificáronse hábitos e condutas non saudables |
| CA2.9 Determinouse o nivel de formación e motivación do grupo |
| CA2.11 Analizouse o concepto de educación para a sustentabilidade e describíronse os obxectivos de desenvolvemento sustentable |

| Crterios de avaliación do currículo |
|---|
| CA2.12 Identifícaronse os principais problemas ambientais de Galicia |
| CA2.13 Caracterizáronse os modelos e os sistemas de consumo |
| CA3.1 Identifícaronse as características do grupo diana |
| CA3.2 Describíronse os obxectivos da información que cumpra transmitir |
| CA3.3 Analizáronse as dificultades de comprensión dos coñecementos que se vaian transmitir |
| CA3.4 Seleccionouse e adaptouse a información segundo o grupo receptor |
| CA4.1 Definíronse as características da información para transmitir nas actividades de promoción da saúde |
| CA4.2 Definíronse as características do asesoramento nas actividades de promoción da saúde |
| CA4.3 Describíronse as técnicas de comunicación, as súas fases e os seus requisitos |
| CA4.4 Analizáronse os tipos de linguaxe e as estratexias para unha boa comunicación, e describíronse os factores que facilitan esa comunicación |
| CA4.5 Establecéronse as diferenzas entre as canles comunicativas e os tipos de comunicación |
| CA4.8 Identifícaronse técnicas de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde |
| CA5.1 Seleccionáronse os obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria |
| CA5.6 Analizáronse e interpretáronse os resultados do programa de educación sanitaria |
| CA5.9 Xustificouse a importancia da avaliación de resultados na aplicación de programas de educación sanitaria |

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|---|
| RA1 - Caracteriza actividades de vixilancia epidemiolóxica, tendo en conta a relación entre os riscos ambientais e a saúde das persoas e da comunidade |
| RA2 - Planifica actividades de educación sanitaria e ambiental en función do grupo diana, seguindo plans e programas de promoción da saúde establecidos |
| RA3 - Prepara a información para transmitir sobre os problemas de saúde relacionados co ambiente, e selecciona os contidos en función do grupo diana |
| RA4 - Selecciona técnicas de comunicación e adáptaa ás características do grupo ao que se dirixen as actividades de promoción da saúde |
| RA5 - Aplica técnicas de avaliación de programas de educación sanitaria, tendo en conta a relación entre os obxectivos e os resultados obtidos |

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|--|
| CA1.4 Clasifícanse os determinantes de saúde e doenza |
| CA1.8 Enumeráronse os factores de risco ambientais que inciden sobre a saúde |
| CA1.13 Consultáronse estudos epidemiolóxicos relacionados cos problemas de saúde de etioloxía ambiental |
| CA1.16 Analizouse a Rede galega de vixilancia en saúde pública |
| CA2.3 Definíronse as prioridades e os obxectivos nun plan ou programa de educación para a saúde |
| CA2.4 Describíronse as fases na planificación e no deseño de actividades de educación sanitaria |
| CA2.5 Identificáronse os factores ambientais e os problemas de saúde para tratar en distintos contextos |
| CA2.6 Deseñáronse instrumentos para obter información sobre saúde e doenza de persoas e colectivos, e programáronse as fases de aplicación de entrevistas, enquisas e cuestionarios, de acordo co tamaño da mostra e co tempo previsto |
| CA2.7 Seleccionáronse as fontes documentais de apoio segundo o tipo e as características do estudo que cumpra realizar |

| Crterios de avaliación do currículo |
|--|
| CA2.8 Caracterizouse o grupo diana e identificáronse hábitos e condutas non saudables |
| CA2.9 Determinouse o nivel de formación e motivación do grupo |
| CA2.10 Propuxéronse actividades educativas adaptadas ás características do grupo, para modificar os seus comportamentos |
| CA2.14 Realizáronse propostas para un consumo responsable |
| CA3.1 Identificáronse as características do grupo diana |
| CA3.2 Descríbóronse os obxectivos da información que cumpra transmitir |
| CA3.5 Organizáronse os contidos das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento |
| CA3.6 Secuenciáronse e temporalizáronse as actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento |
| CA3.7 Identificáronse os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades sobre hábitos e condutas non saudables e sobre pautas de comportamento |
| CA3.8 Elaboráronse materiais de traballo en función do grupo diana |
| CA3.9 Utilizáronse técnicas de animación e dinámica de grupos para difundir os coñecementos en materia de saúde ambiental |
| CA3.10 Seleccionáronse recursos didácticos en función de cada actividade de promoción e educación para a saúde e do contorno próximo |
| CA4.3 Descríbóronse as técnicas de comunicación, as súas fases e os seus requisitos |
| CA4.4 Analizáronse os tipos de linguaxe e as estratexias para unha boa comunicación, e describíronse os factores que facilitan esa comunicación |
| CA4.6 Utilizáronse técnicas de motivación e reforzo en distintas situacións |
| CA4.7 Aplicáronse técnicas de comunicación adaptadas aos contidos que cumpra transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso |
| CA4.9 Informouse de xeito claro, correcto e adaptado a diferentes situacións |
| CA5.1 Seleccionáronse os obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria |

Cráterios de avaliación do currículo

CA5.2 Formuláronse criterios para avaliar a consecución dos obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria

CA5.3 Determináronse os aspectos do programa ou da actividade de educación sanitaria que deben ser avaliados

CA5.4 Seleccionáronse ou, de ser o caso, deseñáronse instrumentos para a avaliación de actividades de educación sanitaria

CA5.5 Utilizáronse os instrumentos para a avaliación das actividades desenvolvidas no programa de educación sanitaria

CA5.6 Analizáronse e interpretáronse os resultados do programa de educación sanitaria

CA5.7 Elaboráronse informes dos resultados do programa de educación sanitaria

CA5.8 Establecéronse medidas correctoras e de reforzo para casos en que non se consigan os obxectivos previstos

CA5.9 Xustificouse a importancia da avaliación de resultados na aplicación de programas de educación sanitaria

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA**

- 1) Enumera os servizos da sanidade ambiental
- 2) Analiza os conceptos de saúde e doenza e os seus determinantes
- 3) Describe os indicadores xerais do nivel de saúde da poboación
- 4) Enumera os factores de risco ambientais que inciden sobre a saúde e os principais factores de risco relacionados con estados fisiopatolóxicos especiais
- 5) Identifica as características da epidemioloxía ambiental e describe o método epidemiolóxico e os principais modelos de causalidade epidemiolóxica
- 6) Diferencia entre promoción da saúde e prevención da doenza
- 7) Selecciona e organiza os obxectivos e contidos de programas de educación sanitaria, secuenciando e temporalizando as actividades
- 8) Describe as fases na planificación e no deseño de actividades de educación sanitaria adaptados ás características do grupo
- 9) Deseña instrumentos para obter información e selecciona e adapta a información ao grupo receptor
- 10) Analiza o concepto de educación para a sustentabilidade e describe os obxectivos de desenvolvemento sustentable
- 11) Caracteriza os modelos e os sistemas de consumo e realiza propostas para un consumo responsable

- 12) Identifica os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades
- 13) Utiliza técnicas de animación e dinámica de grupos para difundir os coñecementos
- 14) Describe as técnicas de comunicación, as súas fases e os seus requisitos
- 15) Identifica técnicas de modificación de comportamento no ámbito da promoción da saúde
- 16) Formula criterios para avaliar a consecución dos obxectivos do programa ou da actividade de educación sanitaria e establece medidas correctoras e de reforzo para casos en que non se consigan os obxectivos previstos

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Consta de unha parte teórica e unha parte práctica.

A proba teórica cualificarase de 1 a 10 e terá carácter eliminatorio, se non se alcanza un mínimo de 5, non se poderá pasar a seguinte proba e o alumno estará suspenso.

A proba práctica realizarase despois de ter aprobada a primeira parte. Cualifícase de 1 a 10, para aprobar ten que alcanzar a cualificación de 5 como mínimo.

A cualificación final da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes (teórica e práctica), expresada con números enteiros entre 1 e 10, sen decimais, redondeada á unidade máis próxima.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

PROBA ESCRITA

Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test e/ou preguntas curtas a desenvolver que versarán sobre os contidos de tipo máis teóricos relacionados cos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte da proba. A continuación cítanse algúns destes contidos:

- Saude e doenza: evolución histórica e factores determinantes
- Factores de risco ambientais
- Características da epidemioloxía ambiental
- Educación sanitaria e ambiental: obxetivos, contidos, ámbitos de aplicación.

As preguntas tipo test poderán ser de resposta única, múltiple ou verdadeiro/falso. As respostas incorrectas restarán a mesma porcentaxe que sumen as acertadas. As non contestadas nin suman nin restan. As preguntas curtas serán para contestar entre 1 e 10 liñas aproximadamente.

Esta proba será eliminatoria, se non se acada un 5 sobre 10, non se pasará a facer a seguinte proba (práctica).

É obrigatorio que o alumnado se presente a esta proba con útiles de escritura e calculadora científica non programable. Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte.

Bibliografía

-Promoción de la salud. Pérez Arias, María Jesús · García Sánchez, María José. Editorial Síntesis, S.A. (2019) ISBN: 9788491712879

-Técnicas de educación e interpretación ambiental. Llorca Navasquillo, Federico · Gómez García, José Antonio · Mansergas López, Francisco J. Editorial Síntesis, S.A. (2015) ISBN: 9788490771167

4.b) Segunda parte da proba

PROBA PRÁCTICA

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán esta segunda parte.

A proba consistirá na resolución de un ou varios supostos teórico-prácticos que se centrarán en diferentes aspectos relacionados cos programas de educación sanitaria e ambiental tales como: organización dos contidos e proposta de actividades educativas adaptadas ao grupo, características da información a transmitir, técnicas de comunicación e de motivación, secuenciación e temporalización de actividades, identificación de recursos e selección dos mesmos en función das actividades e avaliación de programas de educación sanitaria e ambiental.

Para superar a proba será necesario obter un 5 sobre 10.

É obrigatorio que o alumnado se presente a esta proba con útiles de escritura e calculadora científica non programable. Non se permitirá o uso de móbiles, nin calquera outro tipo de dispositivo tecnolóxico. Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte.

Bibliografía

-Promoción de la salud. Pérez Arias, María Jesús · García Sánchez, María José. Editorial Síntesis, S.A. (2019) ISBN: 9788491712879

-Técnicas de educación e interpretación ambiental. Llorca Navasquillo, Federico · Gómez García, José Antonio · Mansergas López, Francisco J. Editorial Síntesis, S.A. (2015) ISBN: 9788490771167